



# CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91  
Email: concellodemearno@concellodemearno.com · Web: www.concellodemearno.com

## ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DE DATA 8 DE AGOSTO DE 2016.

### ASISTENTES

#### **GRUPO POLITICO**

#### **ALCALDESA, que preside:**

*Dª Mª Lourdes Ucha Varela* PP

#### **CONCELLEIROS:**

*D. Ramón Tilve Castro* PP

*D. José Ramón Gondar Pintos* PP

*Dª. Milagros Pérez Gándara* PP

*D. Rubel Casal Radio* PP

*D. José Manuel Méndez Lázaro* PP

*Dª. Rosalina Lima Prado* PP

*D. José Manuel Ásperez Montes* MI

*D. Antonio Rial Lastres* MI

*D. José Varela Budelo* MI

*Dª Mª del Pilar Prado González* MI

*Dª Iola García Fernández* PSdeG-PSOE

*D. Manuel Radio Oubiña* PSdeG-PSOE

#### **SECRETARIA:**

*Dª Mª Teresa Escudero Barral*

No Salón de Sesións da Casa Consistorial de Meaño, ás 20:00 horas do día 8 de agosto de 2016, reúnese, previa convocatoria, o Pleno da Corporación en sesión ordinaria, coa asistencia dos Sres/as concelleiros/as que se relacionan na marxe.

A tódolos asistentes fíxoselles chegar copia da orde do día, cos asuntos a tratar, poñéndose a súa disposición o expediente da sesión e cumprindo os trámites esixidos pola normativa vixente.

Concorrendo o quorum necesario, declárase validamente constituída a sesión.

Aberta a sesión, pásase seguidamente ao exame dos puntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º.- APROBACIÓN, SI PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE DATA 13-06-2016.

Dáse conta do borrador da acta da sesión anterior, correspondente á sesión ordinaria de data 13 de xuño de 2016 preguntando se algún membro da Corporación desexa formular observacións ou rectificacións á mesma.

Non formulándose ningunha queda aprobada por unanimidade dos trece membros.

2º.- PROPOSTA DE FESTAS LOCAIS PARA O ANO 2017.

A Sra. alcaldesa-presidenta da conta do Decreto 76/2016, do 9 de xuño da Consellería Economía, Emprego e Industria, polo que se determinan as festas laborais propias da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017, correspondéndolle ao Concello propoñer dúas festas locais, inhábiles para o traballo, retribuídas e non recuperables, que serán determinadas pola Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria en cada unha das provincias da comunidade autónoma e da proposta da Alcaldía como festivos locais no Concello de Meaño, de carácter retribuído e non recuperable, para o ano 2017 S. Bieito o día 11 de xullo e Sta. Lucía o



# CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91  
Email: [concellodemeano@concellodemeano.com](mailto:concellodemeano@concellodemeano.com) · Web: [www.concellodemeano.com](http://www.concellodemeano.com)

día 13 de decembro.

Toma a palabra a Sra. García Fernández, quen sinala que está de acordo coa proposta e celebra que se recupere Sta. Lucia.

Sometido o asunto a votación ordinaria, o Pleno da Corporación, aceptando o ditame proposta da Comisión Especial de Contas, por unanimidade dos trece membros; acorda:

1º.- Propoñer como festivos locais no Concello de Meaño, de carácter retribuído e non recuperable, para o ano 2017:

- S. Bieito o día 11 de xullo
- Sta. Lucia o día 13 de decembro

2º.- Dar traslado do presente acordo á Xefatura Territorial da Consellería Economía, Emprego e Industria.

3º.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO: SUPLEMENTO DE CRÉDITO 2/2016 E CRÉDITO EXTRAORDINARIO 2/2016.

A Sra. alcaldesa-presidenta dá conta, someramente, aos membros da Corporación do expediente de Modificación de Créditos: SUPLEMENTOS DE CREDITO 2/2016, CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS 2/2016, financiados con cargo ao remanente líquido de tesourería para gastos xerais, obtido da Liquidación do Orzamento correspondente ó exercicio económico 2015, motivado, como se sinala na memoria, en que no desenvolvemento e execución do Orzamento Municipal correspondente ó exercicio económico 2016, obsérvase insuficiencia de crédito en determinadas aplicacións do Estado de Gastos do Orzamento Municipal, para atender necesidades que se considera que non poden demorarse ata o exercicio seguinte, relativas a gastos correntes, que afecta a:

- Vestiario policía local
- Mantemento de accesos e camiños, xa que se executaron e se están a executar diversas actuacións de mellora e mantemento de camiños de accesos a núcleos de poboación e de camiños rurais coma reparacións de beirarrúas, mellora e limpeza de diversos camiños e cunetas en Picón, Cachizas, Coirón, Cortiña, etc. e de cara a telas preparadas para o inverno limpeza de pistas forestais.
- Enrexía eléctrica.
- Axuda a domicilio ao asignar a Consellería de Política Social máis horas de atención no servizo de axuda no fogar a persoas en situación de dependencia.

Tamén se propón a concesión de créditos extraordinarios para afrontar gastos necesarios, que se considera que non poden demorarse ata o exercicio seguinte, relativas a gastos de inversión, que afectan a:

- equipamento da Escola Infantil 0-3 anos para a posta en funcionamento do servizo de comedor.

Sometido o asunto a deliberación toma a palabra a Sra. García Fernández quen sinala



# CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91  
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

que, Pleno tras Pleno o equipo de goberno ven a darlle a razón ás observacións que o Grupo Municipal do PSdeG-PSOE ven formulando na aprobación dos orzamentos de que se presuposta mal; así ponse de manifesto a insuficiencia de crédito en partidas como o mantemento de camiños na que resulta previsible o gasto, concluíndo que os orzamentos que se veñen aprobando non se axustan a realidade e que non votaran en contra por responsabilidade polo que se absteran.

Toma a palabra o Sr. Ásperez Montes quen sinala que os presupostos son máis supostos que presupostos, porque hai aplicacións que de antemán se sabe que son insuficientes, como a de mantemento de camiños ou vestiario da policía.

Contesta a Sra. alcaldesa que o grupo de goberno entende que os orzamentos se deben elaborar partindo dunha previsión prudente de ingreso e gastos e si ao longo do exercicio xurde insuficiencia ou inexistencia de crédito nalgunha aplicación levar a cabo modificacións de crédito, que a lexislación permite, e que se financian con remanente de tesourería, que son aforros doutros exercicios.

Rematadas as intervencións e sometido o asunto a votación ordinaria, o Pleno da Corporación, con seis abstencións dos concelleiros do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE e do Grupo Municipal MI, e con sete votos a favor dos concelleiros do Grupo Municipal do PP, aceptadno o ditame-proposta da Comisión Especial de Contas, acorda:

1º Aprobar inicialmente o expediente de Modificación de Créditos: Suplemento de Créditos 2/2016-Crédito Extraordinario 2/2016, financiado con cargo ao remanente líquido de tesourería para gastos xerais (aforro propio procedente de exercicios anteriores), obtido da Liquidación do Orzamento correspondente ó exercicio económico 2015, calculados ó abeiro do art. 101 a 104 do R.D. 500/90, do 20 de abril e o SEC 201, nos seguintes termos, coa conseguinte modificación no Plan de Inversións:

## SUPLEMENTOS DE CRÉDITO 2/2016

### CAPÍTULO II

Aplicación Presupostaria	Aumento	Financiamento/Aplicación	Fins
132.22104	2.000,00	Rte. liquido tesourería 870.00	Vestiario Policía
1531.2100	15.000,00	Rte. liquido tesourería 870.00	Mantemento accesos núcleos de poboación
165.22100	50.000,00	Rte. liquido tesourería 870.00	Enerxía eléctrica
2314.22799	10.000,00	Rte. liquido tesourería 870.00	Axuda a domicilio
454.21000	35.000,00	Rte liquido de tesourería 870.00	Mantemento camiños rurais

TOTAL AUMENTOS: 112.000,00 €

## CRÉDITOS EXTRAORDINARIO 2/2016

### CAPÍTULO VI



# CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91  
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

Aplicación Presupostaria	Aumento	Financiamento/Aplicación	Fins
3231.62900	5.000,00	Rte liquido de tesourería 870.00	Equipamento Escola Infantín 0-3 anos

TOTAL AUMENTOS: 5.000,00 €

TOTAL FINANCIAMENTO CON CARGO Ó REMANENTE LÍQUIDO DE TESOURERÍA:  
117.000,00 €

Quedando o resumo por capítulos do Orzamento como segue:

GASTOS			INGRESOS		
Cap	Denominación	Importe €	Cap	Denominación	Importe €
1	Gastos de persoal	1.513.907,95	1	Impostos directos	943.000,00
2	Gastos en bens correntes e servizos	1.277.470,43	2	Impostos indirectos	20.000,00
3	Gastos financeiros	0,00	3	Taxas e outros ingresos	573.367,00
4	Transferencias correntes	127.120,00	4	Transferencias correntes	1.504.940,84
6	Investimentos reais	1.476.139,49	5	Ingresos patrimoniais	6.050,00
7	Transferencias de capital	15.000,00	6	Alleamento de inversións reais	1,00
8	Activos financeiros	0,00	7	Transferencias de capital	758.572,14
9	Pasivos financeiros	0,00	8	Activos financeiros	603.706,89
			9	Pasivos financeiros	0,00
	<b>TOTAL</b>	<b>4.409.637,87</b>		<b>TOTAL</b>	<b>4.409.637,87</b>

2º/ Que continúe a tramitación do expediente coa exposición pública para os efectos de reclamación, na forma e prazos que se establece no artigo 169 del R.D.Lvo2/2004, de 4 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, en concordancia cos artigos 37 e 38 do R.D. 500/90, do 20 de abril; quedando definitivamente aprobado, sen prexuízo das publicacións pertinentes, de non presentarse reclamacións contra o mesmo.

4º.- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLO SERVIZO QUE SE PRESTA NA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL 0-3 ANOS.

A Sra. alcaldesa-presidenta dá conta aos membros da Corporación da memoria-proposta formulada pola Alcaldía na que se sinala que o Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, veu a introducir cambios no copagamento que poderán implantar as corporacións locais titulares das escolas infantís de cero a tres anos ao esixir que deberán establecer e aplicar, como mínimo, un réxime de copagamento equivalente ao réxime de prezos públicos establecido pola Xunta de Galicia para as escolas infantís de titularidade autonómica.

Ante esta regulación e dando cumprimento á Disposición derradeira primeira do Decreto 148/2014, do 6 de novembro, o Pleno da Corporación, en sesión de data 13 do outubro de 2015, acordou imposición do Prezo público polo servizo que se presta na





# CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91  
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

Escola Infantil Municipal 0-3 anos, a vez que derogou a taxa que gravaba este servizo e que fora aprobada en sesión de data 26 de outubro de 2000.

Da aplicación deste Prezo público observase que é preciso modificar dous aspectos para aplicar un réxime de copagamento equivalente ao réxime de prezos públicos establecidos pola Xunta de Galicia para as escolas infantís da súa titularidade, que son o réxime de media xornada que establecía *“Cando o alumno ou alumna teña solicitada e concedida unha praza en réxime de media xornada (4 horas ou menos de permanencia no centro) ou inferior, o prezo reducirase no cincuenta por cento do prezo que lle corresponda aboar ou proporcionalmente ao horario de asistencia, de acordo coa renda per cápita da unidade familiar.”* e debe establecer *“Cando o alumno ou alumna teña solicitada e concedida unha praza en réxime de media xornada, o prezo da atención educativa reducirase no cincuenta por cento do prezo que lle corresponda aboar de acordo coa renda per cápita da unidade familiar.”* e o importe do prezo mensual do horario ampliado que actualmente para as escolas infantís de titularidade da Xunta de Galicia está fixado en 20,50 € mensuais.

Así mesmo, e dado que se pretende incluír o servizo de comedor, considerando como tal a achega dos medios persoais e materiais precisos para a axeitada distribución e consumo de alimentos que traen os/as propios usuarios/as, faise preciso modificar o anexo, propondo un importe similar ao do horario ampliado.

Sometido o asunto a deliberación toma a palabra a Sr. García Fernández, quen sinala que o Pleno da Corporación, en sesión de data 13 do outubro de 2015, acordou imposición do prezo público polo servizo que se presta na Escola Infantil Municipal 0-3 anos, acordo que o seu grupo votou en contra porque segue a liña recadatoria da Xunta de Galicia, que lle parece excesiva. Engadindo que o prezo que se pretende fixar para o servizo de comedor segue esta mesma liña recadatoria e que tamén lle parece errónea ao proponer un importe similar ao do horario ampliado e único, non tendo en conta o nivel de renda nin as circunstancias das familias.

Toma a palabra o Sr. Ásperez Montes quen sinala que para a fixar o importe do prezo público pola prestación do servizo de comedor se debería optar por importes en función dos tramos da renda e tendo en conta tamén circunstancias da unidade familiar.

Contesta a Sra. alcaldesa que ao seu grupo non lle parece excesivo que unha familia cunha renda superior ao 200 por cento do IPREM lle corresponda un importe por atención educativa de 164,01 € sen ter en conta os posibles descontos polas circunstancias familiares. En canto ao servizo de comedor, tampouco lle parece excesivo o importe proposto xa que este servizo está orientado á conciliación da vida laboral e familiar polo que entenden que si algún dos conxugues non traballa, o que vai a influir no nivel da renda da unidade familiar, ten dispoñibilidade para atender ao neno/nena na vivenda.

Pregunta o Sr. Varela Budelo, si o centro conta cun local para prestar o servizo de comedor.



Contesta a Sra. alcaldesa que se lle propuxo á inspección a aula de usos múltiples e considera válida.

Rematadas as intervencións e sometido o asunto a votación ordinaria, o Pleno da Corporación, con catro abstencións dos concelleiros do Grupo Municipal do MI e dous votos en contra dos membros do Grupo Municipal PSdeG-PSOE, e con sete votos a favor dos concelleiros do Grupo Municipal do PP, aceptando o ditame-proposta da Comisión Especial de Contas, acorda:

1º/ Aprobar inicialmente a modificar do anexo da Ordenanza municipal reguladora do prezo público polo servizo que se presta na Escola Infantil Municipal 0-3 anos do Concello de Meaño, quedando como segue:

## **ANEXO MODIFICADO DA ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLO SERVIZO QUE SE PRESTA NA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL 0-3 ANOS.**

### **1. Prezo da atención educativa.**

#### **a) Horario normal.**

Horario de funcionamento do centro: de luns a venres de 8:00 a 20:00 horas.

Xornada completa: 8 horas

Media xornada: 4 horas

O prezo pola atención educativa en xornada completa fíxase en 164,01 € mensuais.

Segundo a renda per cápita mensual da unidade familiar, sobre este prezo aplicaranse as reducións que se especifican no número 3 deste anexo.

Cando o alumno ou alumna teña solicitada e concedida unha praza en réxime de media xornada, o prezo da atención educativa reducirase no cincuenta por cento do prezo que lle corresponda aboar de acordo coa renda per cápita da unidade familiar.

#### **b) Horario ampliado.**

Con carácter excepcional os/as usuarios/as poderán ampliar a súa xornada de atención educativa mediante a solicitude de horas extraordinarias, sempre que acrediten a súa necesidade.

O prezo mensual de cada hora en que se incremente o horario da atención educativa adxudicado ao usuario ou usuaria será de 20,50 € mensuais.

O prezo da hora extraordinaria non estará suxeito a ningunha redución.

### **2. Prezo por servizos complementarios.**

**a) Servizo de comedor** (achega dos medios persoais e materiais precisos para a axeitada distribución e consumo dos alimentos que traen os/as propios/as usuarios/as). O prezo deste servizo fíxase en 20,50 € mensuais independentemente do nivel de renda e sen que sexa aplicable ningún dos descontos nin exencións das previstas nesta Ordenanza. Cando por motivos xustificadas utilicen este servizo por días soltos, o prezo será de 1,5 € por día.

**b) Horario de comedor** será das 13:00 ás 14:00 horas.

**c) Servizos**, fíxase en 25 os servizos que se poden atender.



# CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91  
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

### **3. Aplicación dos prezos públicos mensuais por atención educativa segundo os tramos de renda per cápita da unidade familiar:**

- a) Rendas inferiores ao trinta por cento do IPREM: Prezo da praza: 0 €.
- b) Rendas comprendidas entre o 30 e inferiores ao 50 por cento do IPREM: Prezo da praza: 0 €.
- c) Rendas comprendidas entre o 50 e inferiores ao 75 por cento do IPREM: Prezo da praza: 33,83% €.
- d) Rendas comprendidas entre o 75 e inferiores ao 100 por cento do IPREM: Prezo da praza: 67,65 €.
- e) Rendas comprendidas entre o 100 e inferiores ao 125 por cento do IPREM: Prezo da praza: 108,65 €.
- f) Rendas comprendidas entre 125 e inferiores ao 150 por cento do IPREM: Prezo da praza: 129,16 €.
- g) Rendas comprendidas entre o 150 e o 200 por cento do IPREM: Prezo da praza: 142,49 €.
- h) Rendas superiores ao 200 por cento do IPREM: Prezo da praza: 164,01 €.

### **4. Descontos por atención educativa.**

A) Segundo as circunstancias da unidade familiar, sobre o prezo que resulte de aplicar o disposto no punto anterior, aplicaranse os seguintes descontos que non son acumulables entre si:

- a) Nenos/as pertencentes a familias numerosas, desconto dun 20 por cento.
- b) Nenos/as pertencentes a familias monoparentais, desconto dun 20 por cento.
- c) Cando asistan ao mesmo centro varios irmáns, o segundo e sucesivos terán un desconto dun 20 por cento.

Entenderase por familia numerosa aquela que reúna as condicións que determina a Lei 40/2003, do 18 de novembro, de protección ás familias numerosas.

Para a aplicación dos descontos teranse en conta as circunstancias concorrentes no momento de presentación da solicitude de praza na escola infantil 0-3, que deberán ser previamente xustificadas documentalmente de non coincidir coas circunstancias na data da devindicación da declaración do IRPF.

B) Cando por circunstancias sobrevidas (solicitude fóra de prazo, traslado de residencia, etc.), o/a neno/a ingrese no centro con posterioridade ao día 15 do mes, a cota que corresponda pagar polo dito mes terá un desconto do 50 por cento.

### **5. Exencións de pagamento por atención educativa.**

a) As familias cunha renda per cápita igual ou inferior a 7.500 euros anuais gozarán da exención total de cota a partir da segunda filla ou fillo que acuda á mesma Escola Infantil.

b) As familias acolledoras de menores con medidas administrativas de tutela ou garda gozarán, así mesmo, da exención total da cota.

### **Disposición derradeira primeira.**

A presente modificación do anexo da Ordenanza Reguladora do Prezo Público polo servizo que



# CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91  
Email: [concellodemeano@concellodemeano.com](mailto:concellodemeano@concellodemeano.com) · Web: [www.concellodemeano.com](http://www.concellodemeano.com)

se presta na Escola Infantil Municipal 0-3 anos, que foi aprobada polo Pleno da Corporación en sesión de data....., entrará en vigor, trala súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e unha vez transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e será de aplicación o día seguinte da súa publicación no BOPP.

2º Expoñer a modificación do anexo da Ordenanza municipal reguladora do prezo público polo servizo que se presta na Escola Infantil Municipal 0-3 anos, mediante edictos publicados no Boletín Oficial da Provincia, na páxina web e no Taboleiro de Edictos do Concello, ó abeiro do art. 49 da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, por un período de trinta días hábiles para que durante este prazo os interesados poidan examina-lo expediente e presenta-las reclamacións ou suxerencias que estimen oportunas.

De non presentarse reclamacións ou suxerencias contra a mesma, considerarase definitivamente aprobada, coa publicación do texto íntegro do regulamento no Boletín Oficial da Provincia.

5º.- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR PRESTACIÓN DO SERVIZO, 5.1 POR ENSEÑANZAS ESPECIAIS NOS ESTABLECEMENTOS DOCENTES DO CONCELLO. CURSOS, ENSEÑANZAS E ACTIVIDADES QUE ORGANICE O CONCELLO NAS SÚAS COMPTENCIAS EDUCATIVAS, CULTURAIAS, DEPORTIVAS E SOCIAIS.

A Sra. alcaldesa-presidenta dá conta aos membros da Corporación da memoria-proposta formulada pola Alcaldía na que se sinala que o Concello de Meaño ven prestando desde fai anos o servizo de ensinanza musical coa Escola Municipal de Música de Meaño.

Entre as especialidades instrumentais que se ofertan atópase o piano, con clases individuais a razón dunha hora semanal por alumno/a, non obstante nos últimos anos os alumnos/as tamén optan por esta especialidade como complemento á formación noutras especialidades musicais.

Dado que desde un punto de vista operativo e de funcionamento da Escola de Música Municipal de Meaño e do docente a especialidade de “piano complementario” é aconsellable impartila 30 minutos semanais por alumno por canto constitúe un apoio formativo a aplicar a disciplina principal elexida polo alumno é polo que se propón introducir no “C SUBCONCEPTO ESCOLA DE MÚSICA” unha nova tarifa que quedaría regulada do seguinte xeito:

“ Por cada participante na modalidade instrumental piano complementario a razón de media hora semanal por alumno: 25,00 €/mes.”

Sometido o asunto a deliberación toma a palabra a Sr. García Fernández, que sinala que o seu grupo votará en contra da modificación proposta porque 25,00 € por media hora semanal de clase lle parece excesiva.

Toma a palabra o Sr. Ásperez Montes, quen cuestiona que non sabe si é máis apropiado ampliar materias a impartir ou dispoñer de prazas para tódolos alumnos do



# CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91  
Email: concellodemearno@concellodemearno.com · Web: www.concellodemearno.com

municipio que as demanden, polo que o Grupo Municipal MI se absterá.

Rematadas as intervencións e sometido o asunto a votación ordinaria, o Pleno da Corporación, con catro abstencións dos concelleiros do Grupo Municipal do MI e dous votos en contra dos membros do Grupo Municipal PSdeG-PSOE, e con sete votos a favor dos concelleiros do Grupo Municipal do PP, aceptando o ditame-proposta da Comisión Especial de Contas, acorda:

1º.- Modifica-lo anexo-tarifa da taxa POR ENSINANZAS ESPECIAIS NOS ESTABLECEMENTOS DOCENTES DO CONCELLO. CURSOS, ENSINANZAS E ACTIVIDADES QUE ORGANICE O CONCELLO NO EXERCICIO DAS SÚAS COMPETENCIAS EDUCATIVAS, CULTURAI, DEPORTIVAS E SOCIAIS, introducindo no "C SUBCONCEPTO ESCOLA DE MÚSICA" unha nova tarifa que queda regulada do seguinte xeito:

"Por cada participante na modalidade instrumental piano complementario a razón de media hora semanal por alumno: 25,00 €/mes."

Quedando o texto refundido do anexo-tarifa como segue:

"PARA A APLICACIÓN DA TAXA POR ENSINANZAS ESPECIAIS NOS ESTABLECEMENTOS DOCENTES DO CONCELLO. CURSOS, ENSINANZAS E ACTIVIDADES QUE ORGANICE O CONCELLO NO EXERCICIO DAS SÚAS COMPETENCIAS EDUCATIVAS, CULTURAI, DEPORTIVAS E SOCIAIS.

## Primeiro.- Tarifa:

### Concepto

Taxa

CURSOS, ENSINANZAS E ACTIVIDADES QUE ORGANICE O CONCELLO NO EXERCICIO DAS SÚAS COMPETENCIAS EDUCATIVAS, CULTURAI, DEPORTIVAS E SOCIAIS.

### A.- SUBCONCEPTO ACTIVIDADES:

Por cada participante en cursos ou actividades con duración superior ó mes: 25,00 €/mes

### B.- SUBCONCEPTO CAMPAMENTOS E CURSO:

1. Campamentos de verán (Meniñadas, brincadeira, etc.): 60,00 € participante/turno
2. Campamento musical: 150,0 € participante.
3. Programa Divernadal ou similar: 30,00 € participante.
4. Cursos especializados de música (Encontros musicais ou similares):
  - a) Individualizado de instrumento ou especialidade:
    - \* 80,00 € participantes activos
    - \* 20,00 € participantes ointes
  - b) Colectivos:
    - \* 70,00 € participantes activos
    - \* 20,00 € participantes ointes

### C.- SUBCONCEPTO ESCOLA DE MÚSICA

- Por cada participante en cada unha das materias que se imparten: 25,00 €/mes
- Por cada participante en cada unha das modalidades instrumentais que se imparte, a







# CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91  
Email: [concellodemeano@concellodemeano.com](mailto:concellodemeano@concellodemeano.com) · Web: [www.concellodemeano.com](http://www.concellodemeano.com)

razón de 1 hora semanal por alumno: 50,00 €/mes

- Por cada participante na modalidade instrumental “piano complementario”, a razón de media hora semanal por alumno: 25,00 €/mes.

## Segundo.- Deduccions no importe:

1. Estes importes reduciranse:

a) Pola asistencia de 3 ou máis irmáns ou membros da mesma unidade familiar ou de convivencia a calquera dos subconceptos recollidos nesta taxa no período comprendido entre os meses outubro a agosto, gozan dunha deducción do 30 % da cota tributaria desta taxa.

b) Por pertencer a unha familia numerosa que acredite formalmente tal condición, de acordo coa normativa de aplicación na materia, gozán dunha deducción do 25 % da cota tributaria desta taxa.

c) Pola asistencia de 2 irmáns ou membros da mesma unidade familiar ou convivencia a calquera dos subconceptos recollidos nesta taxa no período comprendido entre os meses outubro a agosto, gozán dunha deducción do 20 % da cota tributaria desta taxa.

d) Por participar en cada actividade a maiores da primeira en calquera dos subconceptos recollidos nesta taxa no período comprendido entre os meses outubro a agosto, gozan dunha deducción do 10% da cota tributaria desta taxa.

e) Por padecer o participante en calquera das actividades dos subconceptos regulados no anexo-tarifa unha minusvalía recoñecida, goza dunha deducción do 10%.

f) Estas deduccions son acumulativas ata un máximo de deducción do 50% da cota tributaria desta taxa.

g) Estes descontos só serán de aplicación aos residentes no termo municipal.

## Disposición final.- Data de aprobación:

A presente modificación que afecta á tarifa da Ordenanza Fiscal Reguladora desta taxa, aprobada polo Pleno da Corporación en sesión de data....., entrará en vigor o día seguinte da publicación do seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia e será de aplicación a partir do primeiro día natural do mes seguinte ao da publicación, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.”

2º/ Aprobar provisionalmente a modificación dos anexos-tarifas, nos termos sinalados no apartado 1º deste acordo, da Ordenanza Fiscal reguladora da Taxa:

- PARA A APLICACIÓN DA TAXA POR ENSEÑANZAS ESPECIAIS NOS ESTABLECEMENTOS DOCENTES DO CONCELLO. CURSOS, ENSEÑANZAS E ACTIVIDADES QUE ORGANICE O CONCELLO NO EXERCICIO DAS SÚAS COMPETENCIAS EDUCATIVAS, CULTURAI, DEPORTIVAS E SOCIAIS.

3º/ Expoñer ó público o presente acordo mediante edictos publicados no Taboleiro de Anuncios e no Boletín Oficial da Provincia durante trinta días hábiles para os efectos de que os interesados poidan examinalo expediente e presentalas



# CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91  
Email: [concellodemearno@concellodemearno.com](mailto:concellodemearno@concellodemearno.com) · Web: [www.concellodemearno.com](http://www.concellodemearno.com)

reclamacións que consideren oportunas, entendéndose definitivamente adoptado este acordo, sen necesidade de novo acordo, de non presentarse reclamacións ao mesmo.

## 6º.- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN AO ABEIRO DA ORDE DO 13 DE XULLO DE 2016 DA CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL.

A Sra. alcaldesa-presidenta da conta da Orde do 13 de xullo de 2016 da Consellería de Política Social, pola que se regulan as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas para o investimento na mellora das infraestruturas e do equipamento das escolas infantís 0-3 e dos puntos de atención á infancia (PAI) dependentes das corporacións locais e se convocan para o ano 2016, na que se contemplan, entre outras actuacións, a adquisición e mellora do equipamento do centro, incluída a compra de mobiliario interior e exterior e de material didáctico e xogos e a compra de dispositivos para a integración das novas tecnoloxías na aula; así coma do orzamento elaborado pola arquitecta técnica municipal, que inclúe xogos, mobiliario, menaxe, electrodomésticos e unha pizarra dixital interactiva, e que ascende a 6.041,62 € e 1.268,74 € de IVE.

Engadindo que, segundo sinala no artigo 8 desta Orde, será o Pleno da Corporación o órgano que acorde solicitar esta subvención.

Sometido o asunto a deliberación toma a palabra a Sra. García Fernández, quen sinala que formular esta solicitude e acadar este material mellorará o servizo e será beneficioso para os usuarios, polo que o seu grupo apoiará esta proposta; manifestándose en termos semellantes o Sr. Ásperez Montes.

Rematadas as intervencións e sometido o asunto a votación ordinaria, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos trece membros, aceptando o ditame-proposta da Comisión Especial de Contas, acorda:

1º.- Solicitar da Consellería de Política Social, ao abeiro da Orde do 13 de xullo de 2016, subvención para:

**Denominación:** Equipamento da Escola Infantil 0-3 anos do Concello de Meaño.

**Importe solicitado:** 7.310,36 €, IVE incluído, xa que o IVE non será recuperable polo Concello.

2º.- Aceptalas condicións de financiamento e demais requisitos establecidas na Orde do 13 de xullo de 2016 da Consellería de Política Social.

3º.- Asumilo compromiso de manter o cumprimento de tódolos requisitos establecidos nesta orde e na normativa aplicable durante o período de tempo en que perciba esta subvención e a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite e/ou obteña doutras administracións públicas e/ou doutros entes públicos, nacionais ou internacionais ou calquera outra variación que se produza no anteriormente declarado.

## 7º.- DAR CONTA DO INFORME DE INTERVENCIÓN DO PERÍODO MEDIO DE PAGO A



PROVEDORES E DO INFORME DO CUMPRIMENTO DOS PRAZOS DE PAGO DE OBRIGAS EN RELACIÓN CO DISPOSTO NA LEI 3/2004, DE 29 DE DECEMBRO, POLA QUE SE ESTABLECEN MEDIDAS DE LOITA CONTRA A MOROSIDADE NAS OPERACIÓNS COMERCIAIS, CORRESPONDENTES AO 2º TRIMESTRE 2016.

A Sra. alcaldesa-presidenta cédelle a palabra á secretaria-interventora, quen da conta, someramente do informe de intervención do período medio de pago a provedores e do cumprimento dos prazos de pago de obrigas en relación co disposto na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, correspondentes ao 2º trimestre 2016:

## “INFORME DE SECRETARIA-INTERVENCIÓN

**Asunto: Análisis de la ejecución del Plan de ajuste previsto en la Disposición final décima de la Ley 2/2012, de 29 de junio, de Presupuestos Generales del Estado para el ejercicio de 2012 para los efectos de corregir el incumplimiento de los plazos establecidos en la Ley 3/2004, de 29 de diciembre, por la que se establecen medidas de lucha contra la morosidad en las operaciones comerciales (2º TR 2016).**

### LEGISLACIÓN APLICABLE

- 1º.- Disposición final décima de la Ley 2/2012, de 29 de junio de Presupuestos Generales del Estado para el ejercicio de 2012.
- 2º.- Ley Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidad presupuestaria y Sostenibilidad Financiera.
- 3º. Artículo 53-2 y 122 del RDL 2/2004, de 5 de marzo (TRLRHL).
- 4º. Disposición final decimoquinta de la Ley 39/2010, de 22 de diciembre, de Presupuestos Generales del Estado para el año 2011
- 5º. Ley 3/2004, de 29 de diciembre, por la que se establecen medidas de lucha contra la morosidad en las operaciones comerciales.
- 6º.- Real Decreto-ley 4/2013, do 22 de febrero, de medidas de apoio al emprendimiento y de estímulo del crecimiento y de la creación de empleo (artículo 33 y disposición final séptima).
- 7º.- Real Decreto 635/2014, de 25 de julio, por el que se desarrolla la metodología de cálculo del período medio de pago a proveedores de las Administraciones Públicas y las condiciones y el procedimiento de retención de recursos de los regímenes de financiación, previstos en la Ley Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidad Presupuestaria y Sostenibilidad Financiera.

### ANTECEDENTES Y FUNDAMENTOS

- La Disposición final décima de la Ley 2/2012, de 29 de junio de Presupuestos Generales del Estado para el ejercicio de 2012, establece la posibilidad de reintegrar al Estado los importes pendientes de las liquidaciones definitivas de la participación en tributos del Estado de los años 2008 y 2009 a 1 de enero de 2012 en 120 mensualidades para aquellas Entidades locales a las que, a la fecha de publicación de esta norma, hayan presentado la liquidación de sus presupuestos generales del ejercicio 2011.

Para ello exige que las Entidades locales que incumplan los objetivos de estabilidad presupuestaria, límites de endeudamiento que le resulten de aplicación o los plazos previstos en la Ley 3/2004, de 29 de diciembre, por la que se establecen medidas de lucha contra la morosidad en las operaciones comerciales, deberán aprobar un plan de ajuste, que garantice la corrección de aquellos incumplimientos, mediante acuerdo de sus respectivos Plenos, que, además, deberán aceptar la posible imposición por el Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas de condiciones particulares en materia de seguimiento y remisión de información, así como, en su caso, de adopción de medidas de ajuste extraordinarias que permitan aquella corrección. Debiendo presentar ante el Ministerio de Hacienda y



# CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91  
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

Administraciones Públicas el certificado del Secretario o del Secretario-interventor del acuerdo del Pleno con este contenido y aprobatorio del plan de ajuste, así como el informe del interventor o del secretario-interventor en el que se recojan las medidas del plan.

- El Pleno de la Corporación en sesión extraordinaria y urgente de fecha 5 de julio de 2012, acordo:

“1º.- Aprobar el Plan de ajuste previsto en la Disposición final décima de la Ley 2/2012, de 29 de junio, de Presupuestos Generales del Estado para el ejercicio de 2012 para los efectos de corregir el incumplimiento de los plazos establecidos en la Ley 3/2004, de 29 de diciembre, por la que se establecen medidas de lucha contra la morosidad en las operaciones comerciales y que consistirá en adoptar las medidas que se contemplan en el informe de Secretaría-Intervención, con el objeto de mejorar los plazos de pago establecidos en la Ley 3/2004, de 29 de diciembre:

a) Facturas:

Las facturas se presentarán dentro de los tres días hábiles siguientes a la fecha de su expedición, si se presentan directamente en el registro general o en el registro de facturas del Ayuntamiento de Meaño y dentro de los cinco días hábiles siguientes a la fecha de expedición si la remiten por correo, salvo casos excepcionales debidamente justificados.

El procedimiento para la tramitación de las facturas se agilizará de forma que permita compatibilizar el cumplimiento del plazo establecido legalmente y la realización de pagos, que tendrá, con carácter general, una periodicidad mínima mensual, por lo que todos los trámites de gestión y contabilización intermedios deberán coordinarse y agilizarse en aras de alcanzar el objetivo del cumplimiento del plazo legal establecido.

b) Certificaciones de obras, con carácter general:

- Las certificaciones y facturas que acompañan a las certificaciones se presentarán en el registro general o en el registro de facturas del Ayuntamiento de Meaño dentro de los cinco días hábiles siguientes a la fecha de su expedición .

- De conformidad con lo previsto en el Real Decreto 1098/2001, de 12 de octubre, por el que se aprueba el Reglamento General de la Ley de Contratos de las Administraciones Públicas, la dirección de la obra realizará mensualmente y en la forma y condiciones que establezca el pliego de condiciones, la medición de las unidades de obra ejecutadas durante el período de tiempo anterior. Estas mediciones deberán realizarse a partir del día 20 de cada mes, debiéndose expedir en los tres días siguientes la correspondiente certificación de obra, que tomara como base las mediciones de las unidades de obra ejecutadas en el último período con la correspondiente relación valorada al origen en relación con los precios contratados.

- Dicha certificación deberá presentarse en el registro antes del último día de cada mes.

c) En el caso de que la fecha de emisión sea superior a tres días (facturas) o cinco días (certificaciones) al día de presentación en el registro general o en el registro de facturas, el centro gestor deberá rechazarla y no tramitarla, solicitando al emisor de la misma que modifique la fecha de emisión, si ello fuera posible.

d) La contabilización de la realización del pago se deberá hacer de forma inmediata a la recepción de de la información bancaria y con fecha valor del día que se cargó en cuenta.

2º.- Aceptar la posible imposición por parte del Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas de condiciones particulares en materia de seguimiento y remisión de información, así como, en su caso, de adopción de medidas de ajuste extraordinarias que permitan aquella corrección.

3º.- Dar traslado de la certificación del presente acuerdo al Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas junto con el informe de Secretaría-Intervención en el que se recojen las medidas del Plan de ajuste.”

- La Disposición adicional primera en el punto 6 da Ley Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidad Presupuestaria y Sostenibilidad Financiera, establece que las Corporaciones Locales con periodicidad anual deberán presentar al Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas un informe del Interventor sobre la ejecución de los planes de ajuste.

Por su parte el artículo 10 de la Orden HAP/2015/2012, de 1 de octubre, por la que se





# CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91  
Email: [concellodemeano@concellodemeano.com](mailto:concellodemeano@concellodemeano.com) · Web: [www.concellodemeano.com](http://www.concellodemeano.com)

desarrollan las obligaciones de suministro de información previstas en la Ley Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidad Presupuestaria y Sostenibilidad Financiera en virtud de la modificación dada por la Orden HAP/2082/2014, de 7 de noviembre, establece en el punto 1 que la Administración que cuente con un plan de ajuste acordado con el Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas, durante a su vigencia, deberá remitir al mencionado Ministerio antes del día 30 del primer mes siguiente a la finalización de cada trimestre en el caso de las Corporaciones Locales, sobre los extremos señalados en este punto.

- El Real Decreto-ley 4/2013, do 22 de febrero, de medidas de apoyo al emprendimiento y de estímulo del crecimiento y de la creación de empleo, en el artículo 33 modifica la Ley 3/2004, de 29 de diciembre, por la que se establecen medidas de lucha contra la morosidad en las operaciones comerciales, estableciendo que:

“1. El plazo de pago que debe cumplir el deudor, si no hubiera fijado fecha o plazo de pago en el contrato, será de treinta días naturales después de la fecha de recepción de las mercancías o prestación de los servicios, incluso cuando hubiera recibido la factura o solicitud de pago equivalente con anterioridad.”

y la Disposición final séptima modifica el apartado 4 del texto refundido de la Ley de Contratos des Sector Público, aprobado por Rea l Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de noviembre, estableciendo que:

«4. La Administración tendrá la obligación de abonar el precio dentro de los treinta días siguientes a la fecha de aprobación de las certificaciones de obra o de los documentos que acrediten la conformidad con lo dispuesto en el contrato de los bienes entregados o servicios prestados, sin perjuicio de lo establecido en el artículo 222.4, y si se demorase, deberá abonar al contratista, a partir del cumplimiento de dicho plazo de treinta días los intereses de demora y la indemnización por los costes de cobro en los términos previstos en la Ley 3/2004, de 29 de diciembre, por la que se establecen medidas de lucha contra la morosidad en las operaciones comerciales. Para que haya lugar al inicio del cómputo de plazo para el devengo de intereses, el contratista deberá de haber cumplido la obligación de presentar la factura ante el registro administrativo correspondiente, en tiempo y forma, en el plazo de treinta días desde la fecha de entrega efectiva de las mercancías o la prestación del servicio.

Sin perjuicio de lo establecido en los artículos 222.4 y 235.1, la Administración deberá aprobar las certificaciones de obra o los documentos que acrediten la conformidad con lo dispuesto en el contrato de los bienes entregados o servicios prestados dentro de los treinta días siguientes a la entrega efectiva de los bienes o prestación del servicio, salvo acuerdo expreso en contrario establecido en el contrato y en alguno de los documentos que rijan la licitación.

En todo caso, si el contratista incumpliera el plazo de treinta días para presentar la factura ante el registro administrativo, el devengo de intereses no se iniciará hasta transcurridos treinta días desde la fecha de presentación de la factura en el registro correspondiente, sin que la Administración haya aprobado la conformidad, si procede, y efectuado el correspondiente abono.»

- La Ley 15/2010 de modificación de la Ley 3/2004, de 29 de diciembre, por la que se establecen medidas de lucha contra la morosidad en las operaciones comerciales establece en su artículo 4º que las corporaciones locales elaborarán un informe trimestral sobre el cumplimiento de los plazos para el pago de obligaciones previstos en dicha Ley, informe que debe remitirse a los órganos competentes del Ministerio de Economía y Hacienda, y en su respectivo ámbito territorial al de las Comunidades Autónomas que tengan atribuida la tutela financiera de las entidades locales.

- Con fecha 31 de julio de 2014 se publica Real Decreto 635/2014, de 25 de julio, por el que se desarrolla la metodología de cálculo de periodo medio de pago a proveedores de las Administraciones Públicas e las condiciones y el procedimiento de retención de recursos de los regímenes de financiación, previstos en la Ley Orgánica 2/2012 635/2014, de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período, de 27 de abril, de Estabilidad Presupuestaria y Sostenibilidad Financiera, regulando en el artículo 5 el cálculo del periodo medio de pago de cada entidad.

Si aplicados al programa contable de esta entidad los parámetros de:





# CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91  
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

- Días de pago: 30
- Fecha desde la que se calculan los días de pago: Registro de factura
- Trámite que se considera que se ha iniciado el expediente de reconocimiento de la obligación: conformidad
- Fecha base de registro de factura: Registro de factura

**Obtenemos los plazos de pago de obligaciones en relación con lo dispuesto en la Ley 3/2004, de 29 de diciembre, por la que se establecen medidas de lucha contra la morosidad en las operaciones comerciales**

## PAGOS REALIZADOS EN EL TRIMESTRE - 2º TRIMESTRE/2016

Período medio de pago (días)	Dentro do período legal		Fuera del período legal	
	Nº pagos	Importe total	Nº de pagos	Importe total
16	438	231.868,34	44	14.895,07

## FACTURAS CON MÁS DE TRES MESES SIN RECONOCER LA OBLIGACIÓN - 2º TRIMESTRE/2016

Pendientes de reconocer la obligación	
Nº	Importe total
0	0,00

## INTERESES DE DEMORA PAGADOS EN EL TRIMESTRE - 2º TRIMESTRE/2016

Intereses de demora pagados en el período	
Nº de pagos	Importe total intereses
0	0,00

## FACTURAS PENDIENTES DE PAGAR AL FINAL DEL TRIMESTRE - 2º TRIMESTRE/2016

Período medio de pago (días)	Dentro do período legal a final do trimestre		Fuera del período legal a final de trimestre	
	Nº pagos	Importe total	Nº de pagos	Importe total
6	38	21.413,80	0	0,00

**Calculado el período medio de pago a proveedores según determina el artículo 5 del R.D. 635/2014, de 25 de julio, por el que se desarrolla la metodología de cálculo del periodo medio de pago a proveedores de las Administraciones Públicas y las condiciones y el procedimiento de retención de recursos de los regímenes de financiación, previstos en la Ley Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidad Presupuestaria y Sostenibilidad Financiera, resulta lo siguiente:**

Período	Ratio operaciones pagadas (días)	Importe realizados pagos	Ratio operaciones pendientes de pago (días)	Importe pagos pendientes (€)	Período medio de pago global a proveedores trimestral



# CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91  
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

					(días)
2º Trimestre 2016	-14,22	225.381,82	-24,22	21.413,80	-15,09

Del análisis de la ejecución del Plan de ajuste previsto en la Disposición final décima de la Ley 2/2012, de 29 de junio, de Presupuestos Generales del Estado para el ejercicio de 2012 para los efectos de corregir el incumplimiento de los plazos establecidos en la Ley 3/2004, de 29 de diciembre, por la que se establecen medidas de lucha contra la morosidad en las operaciones comerciales, se concluye que esta entidad CUMPLE el PERÍODO MEDIO DE PAGO

### - PAGOS REALIZADOS EN EL TRIMESTRES A PARTIR DE LA FECHA DE REGISTRO DE FACTURAS:

a) Período de pago:

\* Considerando el importe: Se efectuó el 93,96 % del importe total de los pagos realizados en el trimestre en período legal y el 6,04 % fuera del período legal.

\* Considerando el número de pagos: Se efectuó el 90,87 % de número total de los pagos realizados en el trimestre en el período legal y el 9,13 % fuera del período legal.

b) Período medio de pago:

\* El período medio de pago 16 días.

### - FACTURAS PENDIENTES DE PAGAR AL FINAL DEL TRIMESTRE A PARTIR DE LA FECHA DE REGISTRO:

a) Dentro del período legal de pago 38 operaciones por un importe total de 21.413,80 €.

b) Fuera del período legal de pago 0 operaciones por un importe total de 0,00 €.

### - FACTURAS CON MÁS DE TRES MESES DE SU ANOTACIÓN EN EL REGISTRO DE FACTURAS SIN RECONOCER LA OBRIGACIÓN: 0,00 €.

### - INTERESES DE DEMORA PAGADOS EN EL TRIMESTRE: 0,00 €.

- PERÍODO MEDIO DE PAGO, CALCULADO SEGÚN EL ARTÍCULO 5 DEL REAL DECRETO 635/2014, DE 25 DE JULIO, POR EL QUE SE DESARROLLA LA METODOLOGÍA DE CÁLCULO DEL PERÍODO MEDIO DE PAGO A PROVEDORES DE LAS ADMINISTRACIONES PÚBLICAS Y LAS CONDICIONES E EL PROCEDIMIENTO DE RETENCIÓN DE RECURSOS DE LOS RÉGIMES DE FINANCIACIÓN, PREVISTOS EN LA LEY ORGÁNICA 2/2012, DE 27 DE ABRIL, DE ESTABILIDADE PRESUPUESTARIA E SOSTIBILIDADE FINANCEIRA:

Período	Ratio operacións pagadas (días)	Importe pagos realizados	Ratio operacións pendientes de pago (días)	Importe pagos pendientes (€)	Período medio de pago global a proveedores trimestral (días)
2º Trimestre 2016	-14,22	225.381,82	-24,22	21.413,80	-15,09

”

O Pleno queda enterado do contido do informe dos prazos de pago de obrigas en relación co disposto na Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais período medio de pago a provedores e en relación ó disposto na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira e no Real Decreto 635/2014 de 25



# CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91  
Email: [concellodemearno@concellodemearno.com](mailto:concellodemearno@concellodemearno.com) · Web: [www.concellodemearno.com](http://www.concellodemearno.com)

de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas.

8º.- DAR CONTA DAS DELEGACIÓNS DA ALCALDÍA NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL E NO PRIMEIRO TENENTE DE ALCALDE.

A Sra. alcaldesa-presidenta, dando cumprimento ao artigo 44.4 do R.D. 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico da Entidades Locais, da conta das resolucións adoptadas pola Alcaldía de delegación de celebración de matrimonio civil, de data 15 de xuño de 2016, e de delegación de atribucións da Alcaldía na Xunta de Goberno Local, de data 29 de xuño de 2016

## “DECRETO DA ALCALDÍA

**Asunto: Delegación de celebración de matrimonio civil.**

Ditado auto firme con data 23 de decembro de 2015, autorizado a celebración do matrimonio civil pretendido entre D. Vicente Gil Gómez e Dª Laura Rodríguez Rodríguez.

Elixido por parte dos contraentes o Concello de Meaño para a celebración e fixada a data para o día 24 de xuño de 2016, ás 19:30 horas.

Ao xurdirme unha ocupación que me impide oficiar esta celebración; en virtude das atribucións que me outorga o artigo 51 do Código Civil, modificado pola Lei 35/1994, de 23 de decembro, en materia de autorización de matrimonios civís polos alcaldes e as facultades de delegación recollidas no mesmo e das atribucións que me confire o artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local en concordancia co artigos 47.1 e 44 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, RESOLVO:

1º Delegar no concelleiro e primeiro tenente de alcalde do Concello de Meaño D. José Ramón Gondar Pintos a celebración do matrimonio civil entre D. Vicente Gil Gómez e Dª Laura Rodríguez Rodríguez.

2º Notifica-la presente Resolución o primeiro tenente de alcalde D. José Ramón Gondar Pintos e face-la pública mediante a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Manda e asina a Sra. alcaldesa Mª Lourdes Ucha Varela, en Meaño a 15 de xuño de 2016 ante mín a secretaria.”

## “RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

**ASUNTO: DELEGACIÓNS DE ATRIBUCIÓNS DA ALCADÍA NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.**

Dadas as atribucións conferidas á Alcaldía polo artigo 21 da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, en concordancia co artigo 41 do R.D. 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e demais disposicións concordantes, e ó abeiro do punto 3 do artigo 21 da Lei 7/85, do 2 de abril, en concordancia cos artigos 43.2 e 44 do R.D. 2568/1986, do 28 de novembro, esta Alcaldía RESOLVE:

1º Delegar na Xunta de Goberno Local, nos termos do artigo 43.2 do R.D. 2568/1986, do 26 de



# CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91  
Email: [concellodemeano@concellodemeano.com](mailto:concellodemeano@concellodemeano.com) · Web: [www.concellodemeano.com](http://www.concellodemeano.com)

novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, a seguinte atribución:

- Resolución dos expedientes de reclamación de responsabilidade patrimonial.

2º Retificar o réxime de delegacións efectuado, mediante Resolución da Alcaldía de data 4 de xuño de 2015, con revocación da delegación da atribución do “exercicio das accións xudiciais e administrativas e a defensa do Concello nas materias de competencia da Alcaldía, incluso cando as houbera delegado en outro órgano, e en caso de urxencia, en materias de competencia do Pleno”, por canto esta atribución non é delegable, segundo determina o artigo 21.3 da lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

3º Da presente Resolución darase conta á Xuntade Goberno e ó Pleno da Corporación, na primeira sesión que se celebre, coa publicación da mesma no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo da súa efectividade desde o día seguinte da presente resolución.

Manda e asina a Sra. alcaldesa D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Lourdes Ucha Varela, en Meaño a vinte e nove de xuño de 2016, ante a secretaria-interventora M<sup>a</sup> Teresa Escudero Barral que dou fe.”

O Pleno queda enterado destas resolucións.

## 9º.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.

A Sra. alcaldesa dá conta das resolucións ditadas pola Alcaldía no período comprendido entre o día 14 de xuño de 2016 a 8 de agosto de 2016, números 240 a 383, sobre diversas materias:

<u>Nº</u>	<u>Data</u>	
<b>Pagos / Económicas</b>		
253/1846	16/06/2016	Resolución de pagos de xuño.
264/1897	22/06/2016	Resolución de pagos.
265/1909	22/06/2016	Relación de aprobación de pagos de xuño.
273/1929	23/06/2016	Relación de pago por transferencia de xuño.
283/1967	27/06/2016	Resolución de pago.
291/2020	30/06/2016	Asignación de complemento de produtividade.
292/2023	01/07/2016	Resolución de pago de nóminas de xuño.
300/2048	04/07/2016	Resolución de pagos de xullo.
309/2084	07/07/2016	Resolución de pagos.
355/2231	21/07/2016	Resolución de pagos.
356/2250	21/07/2016	Informe de intervención de análisis de la ejecución del Plan de Ajuste del 2º trimestre 2016.
363/2285	29/07/2016	Asignación de complemento de produtividade.
366/2291	01/08/2016	Resolución de pago de nóminas de xullo.
367/2299	01/08/2016	Resolución de pago de nómina.
370/2310	02/08/2016	Resolución de pagos.

## **Padrón Municipal de Habitantes**

241/1810	14/06/2016	Inclusión no P.M.H. de C.E.J.
242/1812	14/06/2016	Inclusión no P.M.H. de G.P.A.
243/1813	14/06/2016	Cambio de domicilio dentro do municipio de V.R.N. e outros.



# CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91  
Email: [concellodemeano@concellodemeano.com](mailto:concellodemeano@concellodemeano.com) · Web: [www.concellodemeano.com](http://www.concellodemeano.com)

261/1873	20/06/2016	Declaración de caducidade da inscrición – baixa no P.M.H. de B.K. e outros.
263/1895	21/06/2016	Inclusión no P.M.H. de R.N.M.R.
277/1944	23/06/2016	Inclusión no P.M.H. de N.F.M.
278/1945	22/06/2016	Cambio de domicilio dentro do municipio de C.M.V.M.
279/1946	23/06/2016	Inclusión no P.M.H. de P.P.A. e outro.
304/2060	04/07/2016	Inclusión no P.M.H. de T.O.D.
305/2061	04/07/2016	Cambio de domicilio dentro do municipio de C.U.B.
306/2068	05/07/2016	Inclusión no P.M.H. de B.C.J.F. e outros.
307/2071	05/07/2016	Inclusión no P.M.H. de C.R.A.
308/2076	05/07/2016	Arquivo de expediente de procedemento de baixa de oficio do P.M.H.
318/2109	07/07/2016	Inclusión no P.M.H. de R.M.O.
319/2110	07/07/2016	Cambio de domicilio dentro do municipio de M.P.J.A.
321/2127	08/07/2016	Inclusión no P.M.H. de P.D.I.
327/2147	12/07/2016	Inclusión no P.M.H. de G.G.M.C.
329/2151	13/07/2016	Arquivo de expediente de procedemento de baixa de oficio do P.M.H.
332/2164	14/07/2016	Inclusión no P.M.H. de P.G.S.J.R. e outro.
341/2190	15/07/2016	Inclusión no P.M.H. de O.R.J.
375/2382	08/08/2016	Inclusión no P.M.H. de D.S.M.
376/2383	08/08/2016	Inclusión no P.M.H. de D.C.Y.
377/2384	08/08/2016	Inclusión no P.M.H. de G.O.M.
378/2385	08/08/2016	Inclusión no P.M.H. de F.P.I.
379/2386	08/08/2016	Cambio de domicilio dentro do municipio de P.D.R.
380/2387	08/08/2016	Cambio de domicilio dentro do municipio de M.L.M.I. e outros.

## Varios

240/1798	14/06/2016	Convocatoria de Mesa de Contratación para a contratación do servizo de transporte de autobús con condutor para participantes nas actividades que organiza o Concello.
244/1823	15/06/2016	Lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos para a contratación de 1 coidador/a campamentos de verán 2016 do Concello de Meaño.
245/1824	15/06/2016	Lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos para a contratación de monitores/as de tempo libre para o Concello de Meaño 2016.
246/1825	15/06/2016	Lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos para a contratación de 1 operario-limpiador/a mantenedor/a da piscina municipal do Concello de Meaño mo período do verán 2016.
247/1826	14/06/2016	Autorización previa de tirada de fogos os días 8 e 9 de xullo en Dena.
248/1827	14/06/2016	Autorización previa de tirada de fogos os días 16, 17 e 18 de xullo en Iglesia – Cobas.
249/1828	14/06/2016	Autorización previa de tirada de fogos os días 2, 3 e 4 de xullo en Iglesia – Padrenda.
250/1834	15/06/2016	Delegación de celebración de matrimonio civil.
251/1841	16/06/2016	Iniciación de expediente de orde de execución de limpeza de finca no Lugar de Carretera Dena.
252/1842	16/06/2016	Iniciación de expediente de orde de execución de limpeza de finca sita no Lugar de Gorgonciño.
254/1848	16/06/2016	Convocatoria da Mesa de Contratación do servizo de transporte de autobús con condutor para participantes nas actividades que organiza o Concello.
255/1849	16/06/2016	Iniciación do expediente de contratación da obra “Reconstrucción de fachadas e cuberta do pavillón deportivo de Xil”, financiada ao abeiro do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos 2016).
256/1855	17/06/2016	Contratación de un auxiliar da policía Local.
257/1856	17/06/2016	Nomeamento de membros das mesas electorais que resultaron excusa-





# CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91  
Email: [concellodemeano@concellodemeano.com](mailto:concellodemeano@concellodemeano.com) · Web: [www.concellodemeano.com](http://www.concellodemeano.com)

		dos.
258/1859	17/06/2016	Autorización previa de fogueiras de San Xoán.
259/1866	17/06/2016	Autorización previa de tirada de fogos os días 26 e 27 de xuño en Meaño.
260/1871	20/06/2016	Expediente de contratación do servizo de aloxamento dos alumnos participantes no Campamento Musical 2016 e acompañantes.
262/1894	21/06/2016	Nomeamento de membro da mesa electoral que resultou excusado.
266/1910	22/06/2016	Solicitud de subvención ao abeiro da Resolución do 15 de xuño de da Secretaria Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo.
267/1915	22/06/2016	Corrección de erro no acordo de solicitude de inclusión de actuacións dentro do Plan de Emerxencias 2016.
268/1918	22/06/2016	Autorización previa de tirada de fogos o día 24 de xuño en Meaño.
269/1919	22/06/2016	Autorización previa de tirada de fogos os días 1 e 2 xullo en Simes.
270/1920	22/06/2016	Autorización previa de tirada de fogos os días 9 e 10 xullo en Xil.
271/1924	22/06/2016	Autorización previa de fogueiras de San Pedro.
272/1927	23/06/2016	Resolución do recurso de reposición interposto contra a Resolución da Alcaldía de data 21 de abril de 2016.
274/1931	23/06/2016	Convocatoria de praza persoal laboral fixo operario encargado de obras.
275/1936	22/06/2016	Convocatoria de valoración para a selección para a contratación de traballadores desempregados ao abeiro do Plan Concello 2016-Liña 4 emprego para a conservación de bens e servizos municipais.
276/1937	23/06/2016	Contratación de traballadores desempregados ao abeiro do Plan Concello 2016-Liña 4 Emprego para a conservación de bens e servizos municipais.
280/1959	23/06/2016	Iniciación de expediente de orde de execución de limpeza de finca sita Lugar de Parque da Constenla.
281/1960	23/06/2016	Iniciación de expediente de orde de execución de limpeza de finca sita no Lugar de Pereiras, Xil.
282/1961	23/06/2016	Iniciación de expediente de orde de execución de limpeza de finca sita No Lugar de Parque da Constenla.
284/1991	29/06/2016	Autorización previa de tirada de fogos o 2 de xullo en Axís – Simes.
285/1993	29/06/2016	Delegacións de atribucións da Alcaldía na Xunta de Goberno Local.
286/1995	29/06/2016	Solicitud de subvención ao abeiro da Orde do 14 de xuño de 2016 Da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.
287/1997	29/06/2016	Nomeamento dos membros das comisións de valoración para a selección para a contratación de traballadores desempregados para a contratación dun/a coidador/a de axuda no fogar.
288/2017	30/06/2016	Contratación de monitores/as de tempo libre e coidadora campamentos de verán e operario piscina.
289/2018	30/06/2016	Contratación de traballadores desempregados ao abeiro da Orde do 29 de decembro de 2015 da Consellería de Economía, Emprego e Industria.
290/2019	30/06/2016	Contratación de traballadores desempregados ó abeiro do Plan Concellos 2016-Liña 4 Emprego para a conservación de bens e servi.
293/2028	01/07/2016	Expediente de contratación do servizo de asesoramento técnico de xestión enerxética, uso e soporte de software de xestión enerxética municipal.
294/2037	30/06/2016	Iniciación de expediente de orde de execución de limpeza de finca situada en Lugar de Rúa dos Colexios,
295/2040	04/07/2016	Iniciación de expediente de orde de execución de limpeza de finca situada no Lugar de Ameiro.
296/2042	04/07/2016	Iniciación de expediente de orde de execución de limpeza de finca situada da no Lugar de Ganón.



# CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91  
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

297/2044	04/07/2016	Iniciación de expediente de orde de execución de limpeza de finca situada no Lugar de Campo da Braña.
298/2046	04/07/2016	Iniciación de expediente de orde de execución de limpeza de finca situada no Lugar de Ganón.
299/2047	04/07/2016	Contratación de auxiliar de axuda a domicilio.
301/2051	04/07/2016	Iniciación de expediente de orde de execución de limpeza de finca situada da no Lugar de As Pias.
302/2054	04/07/2016	Iniciación de expediente de orde de execución de limpeza de finca situada no Lugar de As Pias.
303/2056	04/07/2016	Iniciación de expediente de orde de execución de limpeza de finca da no Lugar de As Torres de Arriba.
situa- 310/2086	07/07/2016	Solicitude de subvención ao abeiro da orde do 26 de abril de 2016 da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.
311/2093	06/07/2016	Autorización previa de tirada de fogos o día 11 de xullo en Lores.
312/2094	06/07/2016	Iniciación de expediente de orde de execución de limpeza de finca u- situada da no Lugar de Tomada Rial.
313/2095	06/07/2016	Iniciación de expediente de orde de execución de limpeza de finca situada no Lugar de Mandes.
314/2096	06/07/2016	Iniciación de expediente de orde de execución de limpeza de finca situada no Lugar de Mal Ferrón.
315/2097	06/07/2016	Iniciación de expediente de orde de execución de limpeza de finca situada no Lugar de Tomada Rial.
316/2099	06/07/2016	Iniciación de expediente de orde de execución de limpeza de finca situada no Lugar de Mal Ferrón.
317/2100	06/07/2016	Iniciación de expediente de orde de execución de limpeza de finca situada no Lugar de Monte do Castro.
320/2121	08/07/2016	Autorización previa de tirada de fogos o día 12 de xullo en Lores.
322/2133	08/07/2016	Iniciación de expediente de orde de execución de limpeza de finca situada no Lugar de As Fontes.
323/2134	08/07/2016	Iniciación de expediente de orde de execución de limpeza de finca situada no Lugar de Rozas.
324/2135	08/07/2016	Iniciación de expediente de orde de execución de limpeza de finca situada no Lugar de Rozas.
325/2136	08/07/2016	Iniciación de expediente de orde de execución de limpeza de finca situada no Lugar de Rozas.
326/2137	08/07/2016	Iniciación de expediente de orde de execución de limpeza de finca situada no Lugar de Rozas.
328/2149	12/07/2016	Convocatoria da Mesa de Contratación para a contratación da subministración con instalación da renovación e melloras do alumeadado público na R/ dos Colexios.
330/2154	14/07/2016	Autorización previa de tirada de fogos os días 16 e 17 de xullo en Xil.
331/2155	14/07/2016	Autorización previa de tirada de fogos os días 24, 25 e 31 de xullo en Cobas.
333/2166	14/07/2016	Iniciación de expediente de orde de execución de limpeza de finca situada no Lugar de Seixo.
334/2167	14/07/2016	Iniciación de expediente de orde de execución de limpeza de finca situada no Lugar de Rozas.
335/2168	14/07/2016	Iniciación de expediente de orde de execución de limpeza de finca situada no Lugar de Cancelas.
336/2169	13/07/2016	Iniciación de expediente de orde de execución de limpeza de finca situada no Lugar de Rozas.
337/2170	13/07/2016	Iniciación de expediente de orde de execución de limpeza de finca situada no Lugar de Rozas.
338/2171	13/07/2016	Iniciación de expediente de orde de execución de limpeza de finca situada no Lugar de As Fontes.



# CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91  
Email: [concellodemeano@concellodemeano.com](mailto:concellodemeano@concellodemeano.com) · Web: [www.concellodemeano.com](http://www.concellodemeano.com)

339/2172	13/07/2016	Iniciación de expediente de orde de execución de limpeza de finca situada no Lugar de As Fontes.
340/2173	13/07/2016	Iniciación de expediente de orde de execución de limpeza de finca situada no Lugar de As Fontes.
342/2204	18/07/2016	Convocatoria da Mesa de Contratación para a contratación da subministración con instalación da renovación e melloras do alumeadado público na R/ dos Colexios.
343/2210	19/07/2016	Convocatoria da Mesa de Contratación para a contratación da obra Reconstrución de Fachadas e Cuberta do Pavillón Deportivo de Xil.
344/2216	20/07/2016	Expediente de contratación do servizo de toma de mostras e análisis de auga e operacións hixienico sanitarias en instalacións susceptibles de propagación de Lexionelosis.
345/2221	20/07/2016	Autorización previa de tirada de fogos os días 23 e 24 de xullo en Simnes.
346/2223	20/07/2016	Iniciación de expediente de orde de execución de limpeza de finca situada en Lugar de Seixiños.
347/2224	20/07/2016	Iniciación de expediente de orde de execución de limpeza de finca situada no Lugar de As Covas.
348/2225	20/07/2016	Iniciación de expediente de orde de execución de limpeza de finca situada da no Lugar de As Covas.
349/2226	20/07/2016	Iniciación de expediente de orde de execución de limpeza de finca situada no Lugar de Orbellal.
350/2227	20/07/2016	Iniciación de expediente de orde de execución de limpeza de finca situada no Lugar de Revolta.
351/2228	20/07/2016	Iniciación de expediente de orde de execución de limpeza de finca situada no Lugar de Seta.
352/2229	20/07/2016	Iniciación de expediente de orde de execución de limpeza de finca Situada no Lugar de Seta.
353/2230	20/07/2016	Iniciación de expediente de orde de execución de limpeza de finca situada no Lugar de Seta.
354/2233	20/07/2016	Iniciación de expediente de orde de execución de limpeza de finca situada no Lugar de Seta.
357/2256	22/07/2016	Desprazamento da liña eléctrica de media tensión privada ubicada na zona de dominio público do vial municipal Igrexa-Axís (Simes).
358/2259	26/07/2016	Convocatoria da mesa de Contratación para a contratación da obra Melloras nos camiños rurais de Meaño: Tanoira-Padrenda e S. Mauro-Meaño”.
359/2267	27/07/2016	Aprobación do proxecto técnico da obra Mellora da rede de saneamento no lugar de Pereiras. Iniciación do expediente de Contratación.
360/2268	27/07/2016	Nomeamento de representante para a comprobación e recepción, si procede, do Tractor Marca Valtra Modelo N 103.4 FH, matrícula E-5112BGN, grúa marca Guerra, modelo 57 T.059.1 e remolque marca Guerra Modelo R10B 4WD.
361/2273	28/07/2016	Aprobación do proxecto técnico da obra “Campo de fútbol de césped sintético y urbanización de accesos en Meaño”.
362/2277	28/07/2016	Iniciación de expediente de orde de execución de limpeza de finca situada en Lugar de Ponte Dena.
364/2287	29/07/2016	Iniciación de expediente de orde de execución de limpeza de finca situada no Lugar de Baiuca.
365/2289	29/07/2016	Expediente de contratación do servizo de catering para a XIV Festa dos Muíños.
368/2301	01/08/2016	Solicitudes de licenzas urbanísticas ou de intervención municipal de comunicación previa.
369/2305	02/08/2016	Iniciación de expediente de orde de execución de limpeza de finca



# CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91  
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

371/2351	03/08/2016	situada no Lugar de Ganón. Contratación de Peón de obras públicas ó abeiro do Plan Concellos 2016-Liña 4 Emprego para a conservación de bens e servizos municip
372/2367	05/08/2016	Prórroga da contratación de auxiliar da Policía Local.
373/2368	04/08/2016	Autorización previa de tirada de fogos os días 6 e 7 de agosto en Simes.
374/2370	04/08/2016	Autorización previa de tirada de fogos os días 15, 21 e 22 de agosto en Simes.
381/2389	08/08/2016	Lista provisional de aspirantes admitidos e excluídos para elaboración listas para cubrir as contratacións temporais da Escola Infantil 0-3 anos do Concello de Meaño, curso 2016-2017.
382/2395	08/08/2016	Lista provisional de aspirantes admitidos e excluídos para a contratación laboral temporal de sete limpiadoras/es para Escola Infantil, CEIP As Covas (Meaño) e Coirón (Dena), Pazo de Lis e Pavillóns.
383/2396	08/08/2016	Lista provisional de aspirantes admitidos e excluídos para a contratación de tres coidadores/as Aula de Acollida e Comedor: CEIP As Covas (Meaño) e CEIP Coirón (Dena).

O Pleno queda enterado das resolucións ditadas pola Alcaldía no período de 14 de xuño de 2016 a 8 de agosto de 2016.

10º DAR CONTA DO ESCRITO PRESENTADO POLO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA (PsdeG-PSOE).

Dáse lectura a escrito presentado por D<sup>a</sup> Icia García Fernández, como voceira do PSdeG-PSOE, con data de rexistro de entrada 14-07-2016, nº 3699, sinalando a Sra. alcaldesa que se recolla na acta:

“O PLENO DO CONCELLO DE MEAÑO

O Grupo Municipal Socialista (PsdeG-PSOE) no Concello de Meaño a través da súa voceira Icia García Fernández e ó abeiro do desposto nos artigos 91.4 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (Real decreto 2568/1986) presenta ante o Pleno da Corporación Municipal a seguinte **MOCIÓN, referida ao acceso de As Covas**

O concello de Meaño conta con tres instalacións moi visitadas a diario na zona de As Covas, como son, en primeiro lugar, o CEIP, en segundo lugar, o centro Médico e, En terceiro lugar, O Centro Social Polivalente de Meaño.

Nunha pequena zona albérgase o núcleo neurálgico da parroquia de Meaño e do resto do Concello.

- Ao Centro Médico acércanse pacientes de todas as parroquias do Concello.
- Os usuarios do Centro Social Polivalente chegan ás instalacións nos vehículos autorizados polo propio Concello ou nos vehículos dos seus familiares.

E por último:

- \* Os alumnos e alumnas do CEIP As Covas trasládanse das súas casas ao colexio nos



autobuses que se poñen á súa disposición ou nos coches dos seus pais.

Po todos é sabido, que nas horas punta de tódolos días laborais, existe un grave problema no acceso a esta área de As Covas.

Os autobuses vense obrigados a realizar varias maniobras, adentrándose no carril contrario, para poder entrar na pista que os conduce ata o colexio. Estas maniobras realízanse a diario para poder trasladar os nenos ao colexio.

Se xa de por sí, deben manobrar con dificultades nese acceso, a tarefa encrudécese máis se existen obstáculos, como poden ser vehículos, que lles dificultan o labor.

Non é a primeira vez que este grupo político pon en coñecemento ao Grupo de goberno de este hándicap.

É verdade que se tratou de minorar o problema creando zonas de prohibición de aparcamento nos arredores do acceso, pero ben é certo, que estas medidas non solucionaron o problema.

De acordo con todo o anterior, sómese á consideración do Pleno da Corporación á aprobación a seguinte;

## PROPOSTA DE ACORDO

- 1. Instar á Xunta de Goberno local a levar a cabo as medidas adecuadas e oportunas para subsanar as deficiencias sinaladas.**

En Meaño, 11 xullo do 2016 Asdo: Icíá García Fernández Voceira do PSdeG-PSOE”

Toma a palabra a Sra. García Fernández, quen sinala, en primeiro lugar gustaríame manifestar o noso desexo de que se vote esta moción, que foi presentada segundo os cauces que establece a lei.

E, en segundo lugar quero dicir que cada día a alcaldía sorpréndenos máis coa súa deriva ante a forma de tratar as nosas mocions. Pasou de transformalas unilateralmente a rogos a ser hoxe tratadas como "Dar conta", ¿Qué será o próximo? Esperamos ansiosos ao próximo pleno. Igual esta deriva a fai entrar en razón e no próximo pleno tratemos as mocions, como se deben tratar, como mocions. ao igual que o resto de concellos do Estado.

Como exemplo póñolle a Pontevedra, no que non importa o número de mocions que se presenten, xa que se tratan todas. No pasado pleno presentáronse 12, e todas ían destinadas a falar sobre o concello.

Uns compañeiros seus, van presentar máis de 20 mocions no próximo pleno, e o alcalde non lles veta a posibilidade de debater, votar e tratar de mellorar o seu Concello. Vostede si veta á oposición.

De seguir así a situación, vereime na obriga de formar un grupo de apoio co seu compañeiro Moreira. Igual él me pode explicar a diferenza entre un alcalde dialogante e unha alcaldesa que se agocha do debate.

O Pleno da Corporación queda enterado.





## 11º.- ROGOS E PREGUNTAS.

\* Sra. García Fernández:

1. En numerosos medios de comunicación saíu a noticia da redacción e aprobación dun convenio entre o Concello de Sanxenxo e o Concello de Meaño que resolve "de forma definitiva" o saneamento do Polígono de Nantes. En pasados plenos solicitámoslle á alcaldía que nos informara de todos os pasos que se estaban dando co Concello de Sanxenxo, no relativo ao polígono. A alcaldesa dou a súa palabra de informarnos e resulta que non se nos informou de nada. Resulta que tivemos que enterarnos polos medios de comunicación. Unha vez máis, a alcaldesa volve mostrar o pouco que vale a súa palabra. Pedimos convocar á Comisión Informativa pertinente para tratar o asunto e informarnos debidamente. ¿Pode informarnos algo sobre este Convenio? Ademais, solicitamos unha copia.

2. Xa se solucionaron os verquidos que se están a producir cada dous por tres na Bugalleira, en Abuín, ao Río da Chanca?

3. Tras comprobar o pésimo estado do río, á altura da Ruta dos Muiños, solicitamos que se fagan as xestións oportunas con Augas de Galicia para a limpeza do fondo do río, aproveitando o pouco caudal que ten nestas datas.

4. Demandamos unha mellora da zona fluvial de Lores, dotándoa de máis mesas e bancos, tal e como ven demandando a Asociación de Veciños dende fai anos.

5. O 16-06-2016 iniciouse o expediente de contratación da obra de reconstrución do Pavillón de Xil, ¿qué pode adiantarnos sobre este proxecto?

6. O grupo de goberno intercedeu polos taxistas de Meaño para facilitarlles a adhesión ao convenio que realizou o Concello de Camabdos na Festa do Albariño con taxistas doutros Concellos?

7. Pode explicarnos qué está a pasar co alumado público en Dena? Por qué motivo sucede eso e qué se fixo para solucionalo?

8. As actividades dos pensionistas suelen rematar a finais de maio. En cambio, este ano remataron a mediados de maio e só puideron disfrutar dunha clase, ¿por qué?

9. En plenos pasados afirmáranos que ía falar coa Asociación de Veciños de Simes para tratar a demanda do parque na casa de cultura, ¿xa falou con eles?

10. Xa ten dispoñible o informe da Ponte de Ganón?

11. No Pleno de xuño preguntámoslle sobre a pedra da Fonte de Galiñans. Respondeunos que se informaría e nos trasladaría a información, ¿Xa sabe algo?

12. Qué está pasando coas obras da Ponte de Axís?

13. Ano tras ano e mes tras mes, ponse de manifesto un grave problema de aparcamento en cobas. Non é a primeira vez que se lle traslada esta preocupación dende este partido ao grupo de goberno. Por todos é coñecido este problema, do que aínda non se lle atopou solución. ¿non pensou o concello en xestionar cos propietarios de fincas para tratar de aumentar o aparcamento en Cobas?

14. Pode explicarnos o obxecto do servizo de asesoramento técnico de xestión enerxética, uso e soporte de software de xestión enerxética municipal?



# CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91  
Email: [concellodemeano@concellodemeano.com](mailto:concellodemeano@concellodemeano.com) · Web: [www.concellodemeano.com](http://www.concellodemeano.com)

15. Solicitamos copia do proxecto técnico da obra "Campo de fútbol de céspede sintético e urbanización de acceso, en Meaño", así como unha breve explicación sobre o proxecto.

Contesta a Sra. alcaldesa que:

- O Convenio entre o Concello de Sanxenxo e o Concello de Meaño, que hoxe se trata polo Pleno da Corporación de Sanxenxo, tamén se traerá a este Pleno e neste intre se facilitará toda a información.
- En canto aos verquidos estase a traballar para solucionarlos.
- Xa se fixeron as oportunas xestións ante Augas de Galicia para a limpeza dos ríos do municipio e ata a data xa limparon en Caxoi-Rial (Lores), Abuín (Dena) e Picón (Xil). En canto a limpeza do fondo correspóndelle aos técnicos de Augas de Galicia determinar como limpalos.
- O expediente de contratación das obras de reforma da cuberta e fachadas do pavillón de Xil está en tramitación.
- Aos taxistas que o solicitaron expediuse un documento tipo para poder traballar no traslado de persoas con motivo das festas da Illa de Arousa e Cambados.
- En canto aos problemas que están a xurdir estes días no alumeadado público en Dena, estase a inspeccionar para detectar a causa que provoca estes fallos e todo parece indicar que se debe a canalización antiga, de ser así sería preciso cambiala.
- O adelanto do remate das actividades dirixidas a terceira idade só lle afectou á ximnasia terapéutica e foi debido a que a traballadora encargada de impartila tivo unha baixa por embarazo de risco.
- En canto ao informe solicitado á Deputación da ponte de Ganón séguese a espera a pesar de ter insistido na súa remisión.
- A Ponte de Axís, está adxudicado pero non se puideron iniciar as obras debido a existencia dunha liña eléctrica privada de media tensión que alimenta a adega Vionta. A empresa titular desta liña inicialmente non quería facerse cargo da súa retirada en contra do criterio do Concello polo que se lle solicitou un informe a Deputación que veu a ratificar o sinalado polo Concello polo que se procedeu a requirir a esta empresa para que procedera a retirada; iniciando as obras esta semana.
- A plantexamento que se formula en relación cun aparcamento en Cobas non se veu.
- O servizo de asesoramento técnico de xestión enerxética ten por finalidade coñecer si as empresas distribuidoras e comercializadoras da enerxía eléctrica que consume o Concello están aplicando as tarifas correctas ou polo contrario están cobrando de máis.
- O proxecto do Campo de fútbol de céspede sintético e urbanización de acceso está a disposición dos grupos políticos e estase á espera de recibir o convenio ou a adenda que se faga ao inicial; no intre que se reciba traerase ao Pleno da Corporación.

\* Sr. Varela Budelo:

1. O estado das pistas, en xeral, non é bo, teñen moita maleza. En anos anteriores estaban máis aceptables.  
Pasouselle a algunha pista do monte. O camiño da Barrallosa está bastante intrasitable.



# CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91  
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

2. En Axis COVSA rompeu algún tubo hai que repoñelo.
3. Na “Ruta dos muiños” hai árbores que secaron e iso representa un perigo, habería que retiralos.
4. A ponte do camiño de Axis sigue igual. Contesta a Sra. alcaldesa que está previsto que en dúas semanas estea retirada a liña eléctrica e xa se seguirá coa obra.
5. O camiño de Meaño sigue no mesmo estado.
6. Demandar da empresa que realizou a obra de abastecemento de auga a Axis que repoña o corte.
7. ¿Cómo está o muro da casa do Outeiro en Cobas?
- 8.- Firmouse o Convenio co Concello de Sanxenxo para a conexión das augas residuais do parque empresarial de Nantes a EDAR?

Contesta a Sra. alcaldesa que non.

Insiste o Sr. Varela Budelo que se redacte ben para evitar problemas futuros.

9. Reunir aos veciños para acadar os terreos para a mellora da pista de Quintáns parécelle unha decisión acertada.

10. Xa se andivo algo co tema do Plan Xeral.

11. No Orzamento prevíase algo para amplialo saneamento en Lores.

Contesta a Sra. alcaldesa que:

- Este ano foi unha primavera con moitas precipitacións e xerouse moita maleza e os camiños estanse a limpar por segunda vez. Contratouse unha barredora para apoiar o servizo de barredora da Mancomunidade que ven cada quince días. En canto ás pistas do monte, as mencionadas están sen limpar e a finais de agosto primeiros de setembro estarán limpas.

- O estado do camiño de Bouza en Meaño segue igual porque antes de plantexar a execución da obra do muro de contención deste camiño falouse co propietario e cedía os terreos e no intre de iniciar a execución negaos e para manter o mesmo ancho de camiño que o existente non resulta viable o investimento previsto.

- O muro de Outeiro está contratado.

- De momento no hai ningún convenio asinado co Concello de Sanxenxo, virá antes da sinatura ao Pleno.

- A mellora do camiño de Quintán está incluído no Plan de Investimentos da Deputación Provincial, pero para acadar o financiamento hai que ter a plena dispoñibilidade dos terreos para executar a obra e no rural esto resulta un inconveniente.

- Vaise solicitar un convenio a Augas de Galicia para ampliala rede de saneamento en Lores.

\* Sr. Ásperez Montes:

- Como grupo da oposición critica a actuación do grupo de goberno, como o posto político creado, as súas funcións e retribucións pero quere formular unha aclaración que vai convertila en rogo, engadindo que en días pasados, nunha entrevista que se lle fixo no Faro de Vigo, refírese o titular da mesma a un “grupo da oposición que quixo minar aos empregados deste Concello”. Ese titular creo que se dirixe ao noso grupo, e penso que non somos merecedores do cualificativo que se nos dá e que está totalmente equivocada, xa que desde que estamos presentes na oposición deste



# CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91  
Email: [concellodemeano@concellodemeano.com](mailto:concellodemeano@concellodemeano.com) · Web: [www.concellodemeano.com](http://www.concellodemeano.com)

Concello, e despois das constantes demandas e peticións que vimos facendo o que cambiou foi por exemplo que certos/as traballadores/as poidan ter as súas vacacións segundo a lei, que haxa atención a domicilio de dependentes os domingos, que quen preste servizos neste Concello esté contratado, é dicir, traballar polo ben dos traballadores e tamén dos veciños; si as cousas se fixeran ben non habería por exemplo sanción da Inspección de Traballo, polo tanto, animala e rogarlle que siga nese camiño.

- Estanse a dar constantes fallos no subministro eléctrico do alumado público, concretamente no lugar de Axís-Simes dúas noites producíronse interrupcións. Contesta a Sra. alcaldesa que foi consecuencia de terse queimado un cable pero xa está arranxado.

- O retraso na execución da ponte de Axís causará problemas no transporte escolar.

- As plantas dos maceteiros de Dena están secas.

- Poñer un espello no cruce da fonte de Axís para dar visibilidade aos veciños que saen do lugar.

- Respecto das noticias de prensa en relación coa perda de fondos para as rutas dos muíños, e que xa se comentou noutras sesións sobre o deterioro e falta de mantemento destas, que se fai e farad ende o Concello para tratar de seguir mantendo as axudas dos diversos organismos e o bo estado dos muíños, sendas, entorno do río, etc.

Contesta a Sra. alcaldesa que segundo as noticias de prensa Meis perdeu a cualificación, Meaño sigue mantendoa e vanse a levar a cabo obras de mellora e mantemento estando pendentes da autorización de augas.

- Hai coñecemento no Concello do futuro da Pousada de Cobas.

- Unha vez aprobada a demanda dos usuarios do comedor da escola infantil, estudiará desde o Concello a posibilidade de non pechar no mes de agosto.

Contesta a Sra. alcaldesa que se estudiará.

- Coménzase a demandar desde o colexio As Covas de Meaño a implantación do Plan Madruga, de feito parece ser que xa é demandada por parte de algún pai e poida que outros este ano se plantexen cambiar de colexio ou non matricularse en Meaño por non ter este servizo. Implantarse este ano? Se non é así ¿contempla a posibilidade de cara o vindeiro curso?. Creemos que se debe facer canto antes.

Contesta a Sra. alcaldesa que este servizo se implantou no CEIP As Covas o mesmo tempo que no CEIP de Coirón e despois de catro anos en funcionamento se pechouse por falta de usuarios. No período de matrícula non o solicitou nadie e parece que agora habería interesados; volverase a estudar.

- Respecto das noticias de prensa sobre o convenio co Concello de Sanxenxo sobre o enganche das residuais a EDAR de Dena, a correspondente obra de canalización e o seu aproveitamento para o demandado paseo, temos algunha novidade? Hai asinado algún convenio?

Contesta a Sra. alcaldesa que esa pregunta xa foi respostada.

- Temos unhas peticións das Asociacións de Veciños de Dena e Lores así como da ANPA de Dena, que lle trasladamos:

#### ANPA Dena:

- Casas dos mestres que están sen uso hai que tratar de rehabilitar e adecentar.

- Solicitar unha destas vivendas para uso da ANPA.





# CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91  
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

- Facer unha completa revisión do estado da carpintería do colexio, xa que está moi presente a carcoma en moitos sitios.

- Hai un deficiente funcionamento da calefacción do colexio.

- Que as actividades extraescolares organizadas dende a ANPA, non teñan que competir coas organizadas polo propio Concello, s non que se complementen.

Contesta a Sra. alcaldesa que despois das conversas mantidas por esta Alcaldía con representantes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria están cambiando a carpintería interior do CEIP de Coirón e no CEIP de Meaño cambiando o falso teito e o esfaltado do exterior.

## Asociación de Veciños de Dena:

- Preocupación pola capacidade da EDAR de Dena si hai enganche do Polígono de Nantes.

- Fonte de Villarreis, viabilidade da nova ubicación

- Revisión de diversos postes de subministro eléctrico polo seu mal estado.

- Solicitar ó servizo de correos a mellora do reparto no lugar de Altamira o estar esta en parte asignada a Vilalonga.

- Sinalar de maneira máis adecuada a entrada na parroquia de Dena.

- Incidencias do servizo de correos no lugar de Altamira.

Asociación de Veciños de Lores, demandas que xa foron algunha delas comentadas en diferentes sesións do Pleno:

- Pista de Louriño, polo cambio do proxecto inicial un veciño ten que dar 400 m de terreo. A Asociación de veciños pide se negocie unha compensación.

- Pista de Paradela, o presidente presentou un escrito no Concello.

- Pista de Iglesia.

- Non hai boa visibilidade na saída da pista de Paradela.

Segeun demandando pasos de cebrá en lugares xa comentados.

Saneamento lugar de Lores.

Limpeza das pistas do monte.

Pista da Veiga de lores.

Adecentar o entorno das fontes.

- Sendeiro río de A Chanca.

- Fomentar e publicitar S. Benito.

- Rematar a beirarrúa de Lores a Galiñáns.

- Rescatar a fonte de Galiñáns.

- Catalogación da cruz do cruceiro de Galiñáns.

- Pista do río de Paradela.

- A auga de S. Benito que cae do monte por detrás das casas.

- Pista de Formarís.

- Os veciños donaron un trozo de canaleta cara o Rapadorio ata o pozo de regar e pedíronlle ao Concello que completase o trozo de canaleta que faltaba.

- Colocar máis mesas no entorno dos muiños (muiño do "Ferreiro" e praia fluvial).

Contesta a Sra. alcaldesa que esta peticións xa foran trasladadas á Alcaldía na reunión mantidas con esta Asociación non obstante a Xunta de Galicia sacou unha liña



N.I.F.: P-36.02700-A - Reg. E.L.: 01360274 - Nº REGA: MU 2000/40







# CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91  
Email: [concellodemearno@concellodemearno.com](mailto:concellodemearno@concellodemearno.com) · Web: [www.concellodemearno.com](http://www.concellodemearno.com)

de subvencións para asociación que prevía axudas ao 100%, cun límite de 15.000,00 € para investimentos e 5.000,00 € para equipamentos; desde o Concello convocouse ás asociacións para darllas a coñecer e a única asociación que non solicitou nada foi a Asociación de Veciños de Lores.

E ao non haber máis asuntos que tratar pola Presidencia levántase a sesión ás vinte e unha horas e trinta minutos, estendéndose a presente acta que certifico, co visto e praxe da Sra. alcaldesa.

Vº e Praxe  
A alcaldesa

Asdo. M<sup>a</sup> Lourdes Ucha Varela

